

PRESTACIÓNS SANITARIAS E SOCIAIS

Unha vez analizados aspectos relacionados coa cobertura e financiamento das prestacións sociais e as prestacións económicas, este capítulo céntrase nos aspectos relacionados coas prestacións sanitarias e sociais.

O punto de partida do capítulo pode ser a presentación dos presupostos da Xunta correspondentes á produción de bens públicos de carácter social para os anos 2004 e 2005. Os orzamentos do ano 2005 destinaron a este fin un total de 5.395,7 millóns de euros, un 8,2% máis que no ano anterior. A partida máis importante, e tamén a que máis se veu incrementada, foi a da sanidade, que acolleu 2.827,0 millóns de euros, un 10,6% máis que no ano precedente. Á educación destináronse un total de 1.840,1 millóns de euros, un 6,0% máis que en 2004.

INDICADORES DE SAÚDE

A análise da situación da saúde en Galicia, a partir dos datos facilitados pola Dirección Xeral de Saúde Pública, a Dirección Xeral de Tráfico e o Sergas, basearase no estudo dos principais indicadores da mesma, como son a morbilidade e a sinistralidade.

A Xunta de Galicia aplica unha serie de medidas ou programas destinados á protección e promoción da saúde, tal e como se recolle no **cadro 3.3.2**. No último ano dedicáronse un total de 28.895,9 miles de euros, un 20,3% máis que o dedicado o ano anterior, sendo as dúas primeiras partidas as de “Programa galego de vacinacións”, con 10.055,8 miles de euros, e “Prevención e control de enfermidades transmisibles”, con 4.272,1 miles de euros.

• Morbilidade

O **cadro 3.3.3** amosa os principais datos das enfermidades de declaración obrigatoria nos anos 2004 e 2005. Ao longo do último ano notificáronse un total de 96.096 casos de **gripe** en Galicia (66.556 casos en 2004), o que supón unha taxa de 3.481,5 casos por cada 100.000 habitantes (2.411,3 casos no ano anterior).

A **varicela** é a segunda enfermidade máis importante en canto ao número de casos, con 5.157 casos, presentando unha incidencia de 186,8 casos por cada cen mil habitantes no ano 2005. No ano anterior declaráronse un total de 12.942 casos, 468,9 casos por cada cen mil habitantes.

No que á **sida** se refire, os datos acumulados a 30 de xuño de 2005 amosan que en Galicia notificáronse un total de 3.368 casos (o 4,7% do total estatal), dos que 77,8% (2.621 casos) corresponden a varóns. Oito de cada dez casos da sida corresponden a persoas residentes nas provincias de A Coruña e Pontevedra. No primeiro semestre de 2005 notificáronse un total de seis casos da sida, dos que dous diagnosticáronse en Ourense e Pontevedra e un en A Coruña e Lugo.

A vía de transmisión máis frecuente segue a ser a de compartir material de inxección para a administración parenteral de drogas (65,7%), o que se confirma tanto en homes como en mulleres (67,6% e 59,0%, respectivamente).

Producción de bens públicos de carácter social 2004-05

	2004	2005	05/04
	(en miles de €)		(%)
Sanidade	2.556.954	2.826.988	10,6
Educación	1.735.723	1.840.138	6,0
Vivenda e urbanismo	188.220	199.634	6,1
Benestar comunitario	186.593	195.251	4,6
Cultura	211.126	220.087	4,2
Outros servizos sociais e comunitarios	107.751	113.649	5,5
Total	4.986.366	5.395.747	8,2

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

3.3.1.
Proxecto de investimentos do Programa de Protección e Promoción da Saúde 2004-05

	2004	2005	05/04
	(en miles de €)		(%)
Loita contra as drogodependencias	1.903,3	2.466,6	29,6
Prevención e control de enfermidades transmisibles	3.701,6	4.272,1	15,4
Programa galego de vacinacións	8.116,3	10.055,8	23,9
Sistemas de información de saúde pública	472,1	473,6	0,3
Inspección, calidade e laboratorio saúde pública	1.515,1	2.257,6	49,0
Programas sanitarios	2.405,7	2.356,9	-2,0
Control de riscos específicos	739,1	751,2	1,6
Protección da saúde fronte a riscos xerais	1.096,9	1.360,8	24,1
Equipamento informático saúde pública	1.012,0	1.227,0	21,2
Programas poboacionais de cribado	2.465,0	2.934,9	19,1
Programa de prevención e control de enfermidades non transm.	598,5	739,5	23,6
Total	24.025,6	28.895,9	20,3

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

3.3.2.
Enfermidades de declaración obrigatoria 2004-05

	2004		2005	
	número de casos	taxa/100.000 habs.	número de casos	taxa/100.000 habs.
Gripe	66.556	2.411,3	96.096	3.481,5
Varicela	12.942	468,9	5.157	186,8
Toxinfecções alimentarias	787	28,5	749	27,1
Parotidite	124	4,5	475	17,2
Meninxites víricas	311	11,3	256	9,3
Enf. meningocócica	89	3,2	115	4,2
Outras hepatites víricas	148	5,4	106	3,8
Infección gonocócica	118	4,3	93	3,4
Sifilis	65	2,4	68	2,5
Lexionelose	63	2,3	65	2,4
Hepatite B	36	1,3	41	1,5
Paludismo	15	0,5	18	0,7
Brucelose	6	0,2	15	0,5
Meninxite tuberculosa	6	0,2	14	0,5
Rubéola	4	0,1	13	0,5
F. tifoidea e paratifoidea	21	0,8	12	0,4
Hepatite A	23	0,8	12	0,4
F.Exantemática Mediterran. (F.botonosa)	13	0,5	7	0,3
Enf. invasiva por Hib.	14	0,5	6	0,2
Tétano	3	0,1	5	0,2
Tose ferina	21	0,8	4	0,1
Disenteria bacilar	3	0,1	3	0,1
Sarampelo	-	-	-	-

(1) índice epidémico acumulado

(2) Para o cálculo da taxa por cada cen mil habitantes empréganse os datos do Padrón a 1/01/2005

Fonte: Dirección Xeral de Saúde Pública

3.3.3.

GRD (1) máis frecuentes nos hospitais do Sergas 2004-05

	2004		2005	
	Episodios	Estadía media	Episodios	Estadía media
Parto sen complicacións	9.418	3,17	9.414	3,21
Trastornos respiratorios agás infeccións, bronquite, asma con cc. maior	8.146	11,66	8.906	11,21
Insuficiencia cardíaca e choque	4.483	9,65	4.483	9,23
Cesárea sen complicacións	3.275	7,67	3.474	7,43
Pr. útero e anexos por ca. in situ e proceso non maligno sen cc.	3.423	6,20	3.435	5,98
Parto con complicacións	3.238	3,81	3.423	3,65
Aborto con dilatación e legrado, aspiración ou histerotomía	2.687	2,04	2.753	2,03
Trastornos cerebrovasculares específicos excepto AIT e hemorraxia intracranial			2.749	12,81
Enfermidade pulmonar obstrutiva crónica	2.401	9,92	2.575	9,64
Substitución de cadeira agás por complicacións	2.589	12,83	2.474	12,93
Outros diagnósticos anteparto sen complicacións médicas	2.301	2,60	2.352	2,60
ICC e arritmia cardíaca con cc maior	2.212	12,39	2.338	12,09
Outros diagnósticos anteparto con complicacións médicas	2.423	3,52	2.320	3,49
Procedementos hernia inguinal e femoral idade > 17 sen cc.	2.336	2,85	2.246	2,72
Psicose	2.161	22,35	2.148	22,18
Apendicectomía sen diagnóstico principal complicado sen cc.	2.130	4,14	2.122	4,29
Outros diagnósticos de aparello respiratorio con cc	2.751	13,87	2.065	7,42
Quimioterapia	1.858	4,82	2.040	4,68
Anxina de peito	1.952	7,25	1.797	7,76
Subtotal	59.784	-	63.114	-

(1) metodoloxía que inclúe a agrupación das altas en función da súa complexidade (GRD) e que constitúe o sistema de medición da actividade asistencial dos centros na área de
(2) Inclúe a actividade de Povisa con financiamento do Sergas

Fonte: Sergas

3.3.4.

O **cadro 3.3.4.** recolle unha agrupación das altas en función da súa complexidade (GRD) que constitúe o sistema de medición da actividade asistencial dos centros na área de hospitalización de agudos. En 2005, os partos sen complicacións e os trastornos respiratorios excepto infeccións, bronquite, asma con cc. maior seguen sendo os que presentan o maior número de episodios, con 9.414 e 8.906 episodios, respectivamente. As súas estadias medias foron de 3,21 e 11,21 días, fronte aos 3,17 e 11,66 días do ano anterior.

• Sinistralidade

No concernente á sinistralidade, cómpre diferenciar entre aquela motivada por accidentes de tráfico e os accidentes laborais. No primeiro caso, o **cadro 3.3.5.** amosa unha redución do número de accidentes con vítimas mortais tanto en Galicia coma no conxunto do Estado. En 2005, rexistráronse en Galicia un total de 247 accidentes con vítimas mortais (catorce menos que no ano anterior), representando o 8,6% do número total de accidentes mortais en España (2.875 accidentes). No caso das persoas falecidas, o seu número ascendeu no último ano ata os 284 falecidos (o 8,5% do total de persoas falecidas en España).

En relación aos accidentes laborais, o **cadro 2.1.15.** [*Accidentes de traballo con baixa en xornada de traballo 2004-05: distribución segundo a gravidade, provincias e sectores económicos*] reflicte que o número de accidentes laborais con baixa en Galicia creceu no ano 2005 un 1,6% respecto ao ano precedente para situarse nos 48.041 accidentes (47.283 no ano anterior).

Máis dun terzo destes accidentes producíronse nas actividades do sector servizos (16.550 accidentes) e outro terzo nas ramas industriais (15.522 accidentes); un 26,0% dos sinistros rexistráronse no sector da construción (12.508), e o 7,2% restante (3.461 accidentes), no sector primario.

Accidentes de tráfico con vítimas mortais nas CC.AA. 2003-04

	Accidentes		Mortos	
	2004	2005	2004	2005
Andalucía	537	515	619	581
Aragón	144	133	177	164
Asturias	73	68	83	78
Baleares	86	81	97	88
Canarias	91	102	105	108
Cantabria	37	27	38	27
Castela-A Mancha	226	239	249	299
Castela e León	313	297	374	357
Cataluña	373	346	435	400
C. Valenciana	313	279	364	322
Extremadura	112	90	145	97
Galicia	261	247	283	284
Madrid	47	31	59	40
Murcia	170	161	187	190
Navarra	105	111	124	128
País Vasco	60	66	73	73
A Rioxa	88	82	99	93
Total	3.036	2.875	3.511	3.329

Fonte: Dirección General de Tráfico

3.3.5.

Do total dos accidentes laborais con baixa rexistrados no ano 2005, a meirande parte dos mesmos, o 97,7%, corresponderon a accidentes leves (46.937 accidentes) e o restante 2,3% (1.104 accidentes) foron graves ou mortais.

No último ano, o índice de incidencia situouse en Galicia nos 56,9 accidentes por cada mil traballadores afiliados a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta (60,1 accidentes de media en España), converténdose na quinta C.A. co índice máis baixo. No caso dos accidentes mortais, en Galicia rexistráronse un total de 10,9 accidentes por cada cen mil afiliados a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta (6,3 no conxunto do Estado), estando tan só por baixo do acadado en A Rioxa (13,7 accidentes por cada 100.000 afiliados).

O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Analizados xa os aspectos orzamentarios e os programas de gastos do Sergas, neste apartado farase referencia aos datos do número de camas instaladas e funcionantes nos distintos hospitais do Sergas, así como á actividade cirúrxica.

O **cadro 3.3.6.** amosa que os hospitais do Sergas contaban no último ano cun total de 6.914 camas instaladas, mentres que o número de camas funcionantes no ano precedente acadou as 6.824 camas.

Respecto á **actividade cirúrxica** nos hospitais do Sergas, o ano 2005 presentou unha medra do número de intervencións realizadas, tanto no caso das programadas coma das non programadas. No último ano realizáronse un total de 162.816 intervencións (7.067 máis que no ano anterior), das que o 77,3% (125.873 intervencións) son intervencións programadas, mentres que as restantes 36.943 intervencións, son intervencións urxentes.

Atendendo á desagregación provincial, o **cadro 3.3.7.** reflicte unha medra das intervencións en A Coruña e Pontevedra, mentres que descenden en Ourense e Lugo. A Coruña é a que presenta o maior número de intervencións, con 70.300, o 43,2% do total de Galicia, seguida de Pontevedra, con 52.808 intervencións (un 32,4%).

Camas instaladas e funcionantes nos hospitais do Sergas 2004-05

Hospitais	2004		2005
	Camas instaladas	Camas funcionantes	Camas instaladas e funcionantes
C.H. Juan Canalejo-Marítimo de Oza	1.433	1.433	1.423
F.H. Virxe da Xunqueira	76	74	74
C.Universitario de Santiago	1.180	1.090	1.119
F.H. da Barbanza	80	80	84
C.H. Arq. Marcide-Novoa Santos	436	392	412
C.H. Xeral-Calde	801	729	569
H.C. da Costa	140	138	140
H.C. de Monforte	137	132	135
C.H. Ourense	845	811	840
H.C. de Valdeorras	94	94	100
F.H. de Verín	79	76	79
C.H. Pontevedra	554	539	604
C. H. Universitario de Vigo	1.198	1.156	1.250
F.H. Salnés	85	80	85
Total	7.138	6.824	6.914

Fonte: Sergas

3.3.6.

Actividade cirúrxica nos hospitais do Sergas 2004-05

	2004			2005		
	Total	Intervencións programadas	Intervencións non programadas	Total	Intervencións programadas	Intervencións non programadas
A Coruña	68.146	54.295	13.851	70.300	56.314	13.986
Lugo	21.505	16.233	5.272	20.960	15.845	5.115
Ourense	19.345	14.262	5.083	18.748	13.693	5.055
Pontevedra	46.753	34.845	11.908	52.808	40.021	12.787
Total	155.749	119.635	36.114	162.816	125.873	36.943

Fonte: Sergas

3.3.7.

O número de pacientes na lista de espera estrutural cirúrxica (a 31 de decembro de 2005) ascendeu en Galicia a 39.512 persoas, sendo a súa demora media de 121 días. No último ano, un total de 23.122 persoas tiveron unha demora media inferior a tres meses, mentres que entre tres e seis meses esperan un total de 9.874 persoas, sendo a demora media superior a seis meses para 6.516 pacientes.

Xunto a esta lista de espera estrutural hai que considerar que un total de 223.396 pacientes atópanse en cola de programación de consultas médicas iniciais, sendo a súa demora media de 78 días.

TRANSPLANTES E DOAZÓNS

Ao longo do ano 2005 rexistrouse unha medra do número de transplantes de órganos en Galicia, acadando os 261 transplantes (un 7,0% máis que no ano precedente). Entre os transplantes de órganos, cómpre salientar o predominio dos transplantes de ril (107) e fígado (85), realizándose 32 de corazón, 29 de pulmón e 8 de páncreas.

Ao igual que en 2004, no último ano produciuse unha caída do número de transplantes de tecidos. Dos 749 transplantes de tecidos realizados en 2005, un 6,6% menos que no ano anterior, os máis

Doazóns e transplantes de órganos e tecidos 2004-05

	2004	2005	05/04 (%)
Doantes de órganos	79	80	1,3
Transplantes de órganos	244	261	7,0
Transplante renal	108	107	-0,9
Transplante hepático	79	85	7,6
Transplante cardíaco	27	32	18,5
Transplante pulmonar	22	29	31,8
Transplante pancreático	8	8	0,0
Transplantes de tecidos	802	749	-6,6
Trans. progenitos hematopoyético	139	129	-7,2
Transplante córneas	145	147	1,4
Transplante oso	411	404	-1,7
Transplante vasos sanguíneos	24	19	-20,8
Transplante válvulas cardíacas	32	16	-50,0
Cult.condrocitos	-	4	0,0
Transplante membrana amn.	51	30	-41,2

Fonte: Sergas, Oficina de coordinación de Transplantes

3.3.8.

importantes corresponden, ao igual que en 2004, aos de oso, con 404, e os transplantes de córneas, con 147.

Canto ás doazóns, no ano 2005 o número de doazóns foi de 80, fronte ás 79 do ano anterior. A metade das mesmas realizáronse na provincia de A Coruña (41), fronte ás 28 de Pontevedra.

PRESTACIÓNS FARMACÉUTICAS

O custo da prestación farmacéutica ascendeu no último ano a 920,0 millóns de euros, un 8,3% máis que o custo rexistrado no ano 2004. Deste importe, a meirande parte corresponde á atención primaria, con 734,9 millóns de euros (un 6,6% máis que en 2004), e os 185,1 millóns restantes (un 15,5% máis), á atención especializada (**cadro 3.3.9.**).

No concenrente á prestación farmacéutica no caso da **atención primaria** o custo da prestación por cidadán, sen incluír o desconto RD 2.402/2004, medrou no último ano un 7,3% respecto ao ano anterior, acadando os 285,47 euros en 2005. O gasto farmacéutico medio por pensionista experimentou en 2005 un crecemento do 6,4%, situándose nos 733,39 euros.

O número de receitas dispensadas ascendeu no último ano a 52.468 miles de receitas das que as persoas pensionistas facturaron un total de 38.152 miles de receitas. No último ano medrou o custo medio por receita en Galicia pasando dos 14,41 euros do ano 2004 aos 14,63 euros do último ano.

Atendendo á desagregación do custo do custo farmacéutico en atención primaria por provincias, o **cadro 3.3.11.** reflicte que é a provincia de A Coruña a que presenta un maior gasto farmacéutico, con 281,5 millóns de euros, seguida de Pontevedra con 228,3 millóns de euros.

Tendo en conta o número de receitas, o devandito **cadro 3.3.11.** reflicte que o custo da prestación farmacéutica por receita, incluíndo o desconto RD 2.402/2004, foi de 14,01 euros en Galicia (13,86 euros en 2004). A provincia de Lugo, cun custo de 14,63 euros, segue sendo a que presenta o custo máis elevado, por diante de Ourense, con 14,20 euros. En Pontevedra, o custo farmacéutico por receita ascendeu a 14,06 euros, e en A Coruña, a 13,65 euros.

Custo da prestación farmacéutica 2004-05

	2004	2005	05/04
	(en miles de €)		(%)
Galicia			
Atención primaria	689.664,2	734.949,6	6,6
Atención especializada	160.222,9	185.056,7	15,5
Total	849.887,0	920.006,3	8,3

(1) Inclúe o desconto do RD 2.402/2004

Fonte: Sergas, División de farmacia e produtos sanitarios

3.3.9.

Prestación farmacéutica en atención primaria 2004-05

		2004	2005	05/04
				(%)
Receitas dispensadas	(en miles)	49.751	52.468	5,5
Activos		13.569	14.317	5,5
Pensionistas		36.182	38.152	5,4
Custo por receita (1)	(en €)	14,41	14,63	1,5
Activos		10,37	10,49	1,2
Pensionistas		15,93	16,19	1,6
Custo/cidadán da prestación (1)	(en €)	266,01	285,47	7,3
Activos		75,67	81,28	7,4
Pensionistas		689,35	733,39	6,4
Custo da prestación farmacéutica (1)	(en millóns de €)	717,1	767,8	7,1
Activos		140,7	150,1	6,7
Pensionistas		576,4	617,6	7,2

(1) Nos datos correspondentes ao ano 2004 non se inclúe o desconto do RD 5/2000, en tanto que nos datos correspondentes ao ano 2005 non se inclúe o desconto do RD 2.402/2004

Fonte: Sergas, División de farmacia e produtos sanitarios

3.3.10.

Custo da prestación farmacéutica en atención primaria 2004-05

	Gasto (1)			Receitas			Gasto/receitas		
	2004	2005	05/04	2004	2005	05/04	2004	2005	05/04
	(en miles de €)		(%)			(%)	(en €)		(%)
A Coruña	264.217,2	281.499,1	6,5	19.574.835	20.619.703	5,3	13,50	13,65	1,1
Lugo	110.242,1	116.385,4	5,6	7.628.857	7.953.170	4,3	14,45	14,63	1,3
Ourense	101.781,6	108.733,2	6,8	7.214.508	7.656.382	6,1	14,11	14,20	0,7
Pontevedra	213.423,3	228.331,9	7,0	15.332.610	16.239.238	5,9	13,92	14,06	1,0
Total	689.664,2	734.949,6	6,6	49.750.810	52.468.493	5,5	13,86	14,01	1,0

(1) Inclúese o desconto do RD 2.402/2004

Fonte: Sergas, División de farmacia e produtos sanitarios

3.3.11.

Custo da prestación farmacéutica en atención especializada 2004-05

	2004	2005	05/04
	(en millóns de €)		(%)
Pacientes hospitalizados	57,6	62,5	8,5
Pacientes non hospitalizados	102,6	122,5	19,4
Total	160,2	185,1	15,5

Fonte: Sergas, División de farmacia e produtos sanitarios

3.3.12.
Indicadores dos Servizos Sociais para maiores dependentes en Galicia e España 2003-04

	2003			2004		
	Galicia	España	G / E	Galicia	España	G / E
			(%)			(%)
Poboación maior de 65 anos	585.977	7.276.620	8,1	586.458	7.301.009	8,0
Axuda a domicilio						
Nº de usuarios	9.135	221.708	4,1	11.220	228.812	4,9
Índice de cobertura	(usuarios / pob. >65)*100	1,56	3,05	1,91	3,13	
Intendidad horaria	(en horas / mes)	27,28	18,09	29,00	16,43	
Prezo público	(en € / hora)	7,30	10,66	7,60	10,83	
Atención residencial						
Nº de centros	116	4.890	2,4	123	4.968	2,5
públicos	30	817	3,7	31	1.082	2,9
privados	86	4.073	2,1	92	3.886	2,4
Nº de prazas	10.056	251.826	4,0	10.887	266.392	4,1
públicas	3.031	62.577	4,8	3.201	65.560	4,9
concertadas	1.324	43.599	3,0	1.676	48.282	3,5
privadas	5.701	145.650	3,9	6.010	152.550	3,9
Índice de cobertura	(prazas / pob. >65)*100	1,72	3,46	1,86	3,65	
públicas máis concertadas		0,74	1,46	0,83	1,56	
privadas		0,97	2,00	1,02	2,09	
Servizo de teleasistencia						
Usuarios atendidos	2.903	129.937	2,2	3.944	148.905	2,6
Índice de coberutra	(usuarios / pob. >65)*100	0,50	1,79	0,67	2,04	
Fogares e clubs para maiores						
Asociados	218.000	3.615.064	6,0	227.500	3.528.376	6,4
Índice de coberutra	(asociados / pob. >65)*100	37,20	49,68	38,79	48,33	
Centros de día						
Centros públicos e mixtos	19	761	2,5	25	1.120	2,2
Centros privados e mixtos	17	801	2,1	23	1.044	2,2
Prazas de financiamento público	295	14.475	2,0	467	19.597	2,4
Prazas xestión privada	558	15.760	3,5	843	21.359	3,9
Índice cobertura financ. público	(prazas / pob. >65)*100	0,05	0,20	0,08	0,27	

Fonte: IMSERSO

3.3.13.

Respecto ao custo da prestación farmacéutica en **atención especializada**, dos 185,0 millóns de euros totais, o 66,2% (122,5 millóns de euros) corresponde a pacientes non hospitalizados, e o 33,8% restante, 62,5 millóns de euros, corresponden a pacientes hospitalizados. Comparado co ano anterior, o **cadro 3.3.12** amosa que o custo da prestación farmacéutica en pacientes non hospitalizados medrou un 19,4%, en tanto que no caso dos pacientes hospitalizados, o seu crecemento foi do 8,5%.

PRESTACIÓNS SOCIAIS

Un aspecto importante a ter en conta á hora de analizar as prestacións sociais é a consideración da atención ás persoas maiores dependentes. En termos relativos, os datos do Padrón municipal de habitantes amosan que Galicia acolle en torno ao 8% das persoas maiores de 65 anos en España.

O **cadro 3.3.13** reflicte os principais indicadores dos servizos de asistencia en Galicia e España. Atendendo ao peso relativo da poboación maior de 65 anos en Galicia respecto ao conxunto do Estado, o devandito cadro indica a escasa importancia relativa do número de centros de día e do número de centros residenciais. Dunha banda, Galicia conta tan só co 2,2% dos centros de día en España, e ofertan o 2,4% das prazas de financiamento público e o 3,9% das prazas de xestión privada. Doutra, en Galicia atópase o 2,5% dos centros residenciais de España, ofertando o 4,1% das prazas residenciais.

Asemade, hai que destacar o reducido índice de cobertura dos distintos servizos de asistencia a maiores en relación á media española. No caso dos centros de día, este índice é de 0,08 prazas por cada cen persoas maiores de 65 anos, mentres que no conxunto do Estado a relación é de 0,27 prazas. Canto á atención residencial, o índice de cobertura é a metade da media española tanto no caso dos centros de financiamento público coma privado. O índice de cobertura destes centros en Galicia foi de 1,86 prazas por cada cen habitantes maiores de 65 anos (0,83 nas residencias públicas e 1,02 nas privadas) fronte aos 3,65 prazas no conxunto do Estado (1,56 prazas nas residencias públicas e concertadas e 2,09 mas de xestión privada).

Comparado co resto das comunidades autónomas, cómpre salientar que, no caso da atención residencial, Galicia presenta un índice de cobertura tan só superior ao de Ceuta (1,67 prazas por cada cen persoas maior de 65 anos). De xeito similar, índice de cobertura dos centros de día en Galicia é o máis baixo de España, igualado neste caso ao da comunidade Valenciana. ■